

**Informe sobre viabilidade de implantación dunha planta de xestión de residuos en solo rústico (almacenamento e filtrado de aceite de cociña usado) (Concello de Mazaricos - Expediente XCP 22/042).**

## ANTECEDENTES

**ÚNICO.-** O 22.11.2022 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Número de entrada 2022/2874393) oficio do Concello de Mazaricos no que formula a seguinte consulta relativa á viabilidade de implantación dunha planta de xestión de residuos en solo rústico á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

*"... Trataríase concretamente de instalacións para o almacenamento e filtrado de aceite de cociña usado, para o seu posterior traslado a centros de reciclaxe.*

*Malia que o artigo 35 m da LSG (50 m RLSG) fai referencia, entre outras instalacións, ás de xestión de residuos, dita implantación está condicionada a sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. Precisaríamos que nos indicasen que debemos entender por esta condición, é dicir, se é posible autorizar obras de edificación ou de rehabilitación de edificacións existentes para destinalas ao uso sinalado".*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo* correspóndelle a este órgano a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

**SEGUNDA.-** O Concello de Mazaricos conta cunhas Normas Subsidiarias de Planeamento (NNSS) aprobadas definitivamente o 18.05.1995 e publicada a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* do 26.01.1996.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), sinala que:

*"2.- O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*

*(...) d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".*

Polo tanto, ao solo rústico do Concello de Mazaricos aplicaráselle o réxime xurídico previsto para este tipo de solo na LSG e na súa normativa de desenvolvemento,

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal



nomeadamente, o Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (no sucesivo, RLSG).

**TERCEIRA.-** O artigo 35.1.m) da LSG, na nova redacción dada pola *Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, enumera, entre os usos e as actividades admisibles en solo rústico, as *"Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, públicas ou privadas, e sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren"*.

Para valorar o encaixe do uso pretendido no devandito apartado, debemos acudir á normativa sectorial de aplicación.

En concreto, o artigo 2 da *Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular*, no seu apartado a) define "aceite de cociña usado" como *"residuo de graxas de orixe vexetal e animal que se xera tras ser utilizado no cociñado de alimentos no ámbito doméstico, centros e institucións, hostalería, restauración e análogos"*.

O apartado n) do mesmo precepto, define a "xestión de residuos" como *"a recollida, transporte, a valorización e a eliminación dos residuos, incluída a clasificación e outras operacións previas"*; e no seu apartado az) define "Tratamento" como as operacións de valorización ou eliminación, incluída a preparación anterior á valorización ou eliminación.

Á vista das definicións legais dos referidos conceptos, pódese concluír que as instalacións para o almacenamento e filtrado de aceite de cociña usado, para o seu posterior traslado a centros de reciclaxe poden incardinarse no uso previsto no artigo 35.1.m) da LSG, *"sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren"*.

Esta expresión non impide que o uso implantado poida contar cos requisitos que demande a súa actividade ou requira o cumprimento do artigo 39.a) da LSG, sen que supoña a creación de infraestruturas e dotacións públicas que permitan que os terreos polos que discorren pasen a ser considerados como solo urbano.

Polo tanto, é posible autorizar obras de edificación e de rehabilitación de edificacións existentes para destinalas ao uso pretendido por non implicar, en principio, a transformación urbanística do terreo no que se sitúan.

**CUARTA.-** A actuación pretendida, de acordo co establecido na LSG, é obxecto de título habilitante municipal, sendo competencia exclusiva do concello conceder o citado título, de acordo co establecido no artigo 25.2. a) *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local* e o artigo 12.1 da LSG.

Para tal efecto e, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da LSG, a competencia para outorgar licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, debendo as mesmas outorgarse de acordo coas previsións da lexislación e o planeamento urbanísticos (artigo 350.1 do RLSG) e correspondendo ao concello valorar na tramitación do correspondente expediente de outorgamento da licenza urbanística municipal, e á vista do proxecto e documentación que conta no mesmo, se a actuación prevista e para a que se solicita a licenza, pode ter encaixe na regulación contida no artigo 35 da LSG.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
[sxurbanismo@xunta.gal](mailto:sxurbanismo@xunta.gal)



## CONCLUSIÓN

1.- As instalacións para o almacenamento e filtrado de aceite de cociña usado para o seu posterior traslado a centros de reciclaxe poden incardinarse no uso previsto no artigo 35.1.m) da LSG, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

2.- Con carácter xeral, as obras de edificación e de rehabilitación de edificacións existentes non implican a transformación urbanística do terreo no que se sitúan, salvo que tal circunstancia se aprecie da análise do proxecto e da magnitude das actuacións obxecto de título habilitante municipal.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

